

TROFEO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE ORIENTACIÓN

Monte Pedroso – 3 de novembro de 2012

BOLETÍN FINAL

LUGAR DE CONCENTRACIÓN, SAÍDAS E META

Granxa do Xesto (Santiago de Compostela)

HORARIO

- 9:30 h.: Apertura da secretaría.
- 10:30 h.: Saída dos primeiros corredores.
- 13:00 h.: Correlín.
- 13:45 h.: Peche de meta.

MAPA

- Monte Pedroso
- Escala: 1:7500
- Equidistancia: 5 m.

Zona de bosque atlántico de perfecta penetrabilidade con áreas abertas que mesturan a matogueira que dificultan e/ou impiden a carreira con plantacións recentes de excelente visibilidade e facilidade de carreira. A rede de camiños é extensa. Existen detalles de roca en diferentes zonas do mapa e diversas construcións humanas. Nalgunhas zonas o desnivel é moderado.

INFORMACIÓN TÉCNICA

Haberá un percorrido diferente para cada unha das categorías (excepto H45/H20, D35/D20, H/D16, H/D14 e H/D12).

- Os trazados evitan as zonas de vexetación que impiden a carreira (aínda así pode ser recomendable usar pantalón e camisola longos).
- Todos os puntos de control están á vista, ben a baliza ben o elemento no que se encontra. Non é necesario procurar entre a maleza nen meterse a ela.
- Algunha área está a ser desbrozada estes días, polo que o bosque pode estar mais limpo do que indica o mapa nalgunha zona puntual.
- Os elementos marcados cun X (no terreo e na descripción de controis) correspóndense con mesas de pedra.

- Hai numerosos paneis interpretativos espallados polo Monte Pedroso. Estes non aparecen sinalados no mapa.
- Nalgunhas zonas hai concentración de balizas polo que se fai imprescindible comprobar que o número de control se corresponde co teu percorrido.
- Na Granxa do Xesto (zona de concentración) respeta o balizado para facilitar a carreira dos competidores. Existen varios puntos de control nesta área. Son balizas para o disfrute do público.
- Os trazados procuran mesturar a velocidade de carreira cunha rápida lectura de mapa e treitos de dificultade variable. Poderanse aplicar todas as técnicas de orientación que o terreo permite.
- Dende a baliza 59, se o día está soleado, pódese ver toda a cidade de Santiago e as serras cara o E (Pico Sacro, Serra do Careón, Serra do Faro, Serra do Candán...), cara o O (Terras do Xallas) e cara o SO (Serra do Barbanza).


CATEGORÍA	DISTANCIA	Nº CONTROIS	DESNIVEL	TEMPO 1ª/1º
INI CURTA	1´6	8		20´
INI LONGA	3´1	13	195m.	40´
H/D 12	1´6	8		20´
H/D 14	2´2	12	105m.	25´
H/D 16	2´9	15	150m.	30´
D20 / D35	3´3	16	180m.	40´
H20 / H45 / 5FC	3´7	20	190m.	40´
D21	3´4	19	185m.	40´
H21B	3´8	19	260m.	45´
H21A	6´2	23	360m.	60´
H35 / 6FC	6´5	24	430m.	65´
D45 / 4FC	3´4	16	130m.	40´
DE	4´9	21	295m.	60´
HE / 7FC	7´4	28	460m.	65´

CÓMO CHEGAR Á ZONA DE COMPETICIÓN

- Estará sinalizado dende o cruce da Rúa das Galeras coa Costa de Santa Isabel (ao lado do Campo de Fútbol de Santa Isabel).
- Dende o sur ou norte pola AP-9 saídas NORTE / SUR. Dirixirse á zona oeste da cidade.
- Accédese dende a Rúa das Galeras.
- No semáforo situado no cruce da Rúa das Galeras e Costa de Santa Isabel coller dirección Casas Novas.
- O Monte Pedroso é visible dende esa parte da cidade.

- Continuar a rúa de Casas Novas 1'2 kms. ata a Granxa do Xesto. O coche haberá que aparcalo na parte dereita da pista que une Casas Novas (500/800m. da Zona de Concentración) coa Granxa do Xesto. Os aparcamentos na Granxa do Xesto non están permitidos aos participantes que se despracen no seu coche particular. Os autocares poderán aparcar na rotonda da Granxa do Xesto, no espazo habilitado para elo.
- A rotonda onde remata a pista de aparcamento do punto anterior está indicada no seguinte enlace:

<https://www.google.es/maps?daddr=42.894234,-8.55919&hl=es&ll=42.891718,-8.559723&spn=0.023738,0.038581&sll=42.89351,-8.559873&sspn=0.011869,0.01929&t=h&mra=mift&mrsp=1&sz=16&z=15>



INFORMACIÓN ECOLÓXICAMENTE MOI IMPORTANTE

- A zona de competición é un espazo natural de importancia para a cidade. Por elo, está **terminantemente prohibido atravesar as zonas indicadas no mapa como prohibidas**. O incumprimento desta norma supón a DESCALIFICACIÓN inmediata do participante.
- **Tirar ao chan desperdicios non orgánicos antes, durante ou despois da competición** en toda a área de competición (saída, chegada, aparcamento ou mapa) supón a descalificación do corredor/a.


ORGANIZA:



VICERREITORÍA DE CULTURA

Área de deportes

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO